

LINGUA EXTRANXEIRA: INGLÉS

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DA 3ª AVALIACIÓN PARA 2º ESO

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Bloque 1. Comprensión de textos orais

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
<p>Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto</p> <p>Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que exista apoio visual e as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe, e que se poida volver escoitar o dito.</p>	<p>. Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada), mellorándoo se é o caso (sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala), deducindo intencións a partir do volume da voz do falante, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias.</p> <p>Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais e información relevante en presentacións ben estruturadas e de exposición clara sobre temas do seu interese .</p>

Bloque 2. Producción de textos orais :expresión e interacción

Esta parte non se contempla na 3ª avaliación .

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
<p>Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto</p> <p>Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas (identificar os conceptos principais e palabras clave do tema, coñecer sinónimos destas e procurar termos relacionados en internet; e localizar recursos da biblioteca do seu centro docente), para a procura de información en diferentes fontes, e analizar a súa credibilidade seguindo criterios como a autoría, a data de publicación, ligazóns relevantes, funcionalidade e tipo de texto (divulgativo, educativo, de opinión, etc.).</p> <p>Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten asuntos cotiáns ou menos habituais, de temas de interese ou salientables para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso común, de carácter tanto xeral como máis específico</p> <p>Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos breves ou adaptados, ben estruturados, en rexistro estándar da lingua, con argumento lineal e con personaxes, situacións e relacións descritas de xeito claro e sinxelo.</p>	<p>Procura e entende información específica de carácter concreto en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados (por exemplo, enciclopedias, dicionarios, monografías, presentacións) sobre temas relacionados cos seus intereses, e analiza a información tendo en conta varios criterios.</p> <p>Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; reconece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo.</p> <p>Comprende os aspectos xerais e os detalles máis relevantes de textos de ficción e textos literarios contemporáneos breves, ben estruturados e nunha variante estándar da lingua, nos que o argumento é lineal e se pode seguir sen dificultade, e os personaxes e as súas relacións se describen de maneira clara e sinxela.</p>

Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
<p>Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos breves ou de media lonxitude (por exemplo, reformulando estruturas a partir doutros textos de características e propósitos comunicativos similares, ou redactando borradores previos, e revisando contido, ortografía e presentación do texto antes da súa escritura definitiva).</p> <p>Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves ou de lonxitude media, coherentes e de estrutura clara, sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, de carácter tanto xeral como máis específico dentro da propia área de</p>	<p>Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.</p> <p>Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos.</p> <p>Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e se transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes respectando as convencións e as normas de cortesía.</p>

<p>especialización ou de interese.</p> <p>Saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet</p> <p>Tratar a información obtida de diversas fontes, seguindo os patróns discursivos habituais, para iniciar e concluír o texto escrito adecuadamente, organizar a información de xeito claro, ampliála con exemplos ou resumíla con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao texto orixinal.</p> <p>Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.) en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando importancia da presentación nas comunicacións escritas</p>	<p>Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación</p>
---	--

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
<p>Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e recoñecer os significados e as intencións comunicativas xerais relacionados con eles.</p> <p>Recoñecer e utilizar as principais convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación, e de uso de maiúsculas e minúsculas, así como abreviaturas e símbolos de uso común e máis específico; e saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet.</p> <p>Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral e escrita, así como os seus significados asociados (por exemplo, unha estrutura interrogativa para expresar sorpresa); e distinguir a función ou as funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización e á ampliación ou a restruturación da información (por exemplo, nova fronte a coñecida; exemplificación e resumo).</p>	<p>Produce textos escritos en diferentes soportes, sen erros ortográficos e de puntuación que impidan a comprensión, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos.</p> <p>Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado, o que implica, entre outros o emprego do sinónimo máis frecuente e de palabras de significación próxima para evitar a repetición léxica .</p>

PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para avaliar e cualificar ao alumnado terase en conta:

A realización das tarefas ,baseadas sobre todo na gramática e no vocabulario ,propostas semanalmente polas profesoras e a súa entrega puntual seguindo as pautas que se lles indicasen vía páxina web do centro ou aula virtual ,principalmente.

A expresión escrita en exercicios de redacción contidos tanto no Student's Book como no Workbook ou en redaccións relacionadas coa lectura dun READER escollido polas profesoras.

A lectura obrigatoria dun READER escollido pola profesora no caso de 2ºESO- B.

Para valorar o traballo do alumnado terase en consideración:

Os diferentes exercicios de repaso e reforzo de gramática e vocabulario estudados ao longo do curso 2019-20, presentes no Student's Book e no Workbook. O alumnado poderá comunicar coas profesoras vía correo electrónico, aula virtual e tamén a través de WhatsApp e Instagram no caso de 2ºESO- A. Asimesmo, o alumnado de 2ºESO-A tamén realizará exercicios de LISTENING que conteñen exercicios con posibilidade de autocorrección.

A elaboración dun traballo ao remate do READER de lectura obrigatoria, centrado sobre todo na destreza de WRITING que terá que ser enviado ao correo da profesora , no caso de 2ºESO-B.

CUALIFICACIÓN FINAL

Sempre tomando como referencia às **Instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia**, concretamente no que atinxe à avaliación continua nos puntos **3.3** e **3.5** (do apartado INSTRUCCIÓNES ESPECÍFICAS PARA ESO); **6.9** e **7.2** (onde se menciona expresamente), e dado que as tarefas entregadas no terceiro trimestre serven como recuperación das dúas avaliacións anteriores xa que se trata de actividades de repaso da materia estudada en ditas avaliacións, a profesora calculará a nota final do seguinte xeito:

- En 2ºESO-A, a cualificación do 3º trimestre será o resultado da nota media dos traballos entregados durante o mesmo, sen que se teña esixido un número determinado de entregas debido à confusión das primeiras semanas a partir da declaración do estado de alarma sanitaria e ao feito de que non tódolos alumnos tiñan os medios para desenvolver o traballo telemático. Ademais, dende a dirección do centro sempre se insistiu en que as actividades propostas non ían ser avaliábeis, tal como aparece expresado na información sobre as tarefas a realizar semanalmente publicadas na web do centro. Estes traballos sempre implican o repaso das dúas primeiras avaliacións, o que serverá como recuperación das mesmas, baseándonos no principio de avaliación continua contemplado nos puntos arriba mencionados.
- A cualificación final do alumnado que non teña presentado tarefas no 3º trimestre será a media das cualificacións obtidas nas avaliacións 1ª e 2ª, co conseguinte risco de non superar a asignatura na convocatoria de xuño. Por outra banda, non se valorará positivamente o traballo de aqueles alumnos que teñan sido irregulares na presentación das tarefas, ou que as tivesen presentado mal feitas ou incompletas.

De xeito excepcional, e de novo tomando como referencia as instrucións para o desenvolvemento do fin de curso 2019/20 arriba mencionadas, nos puntos **7.2** e **7.3** , aos alumnos que corran o risco de non superar a asignatura en xuño, ofreceráselles a oportunidade de realizar unha proba final global que abranguerá dende a Unidade 1 até a Unidade 4 do libro de texto escollido para o curso 2019/20. Dita proba terá carácter VOLUNTARIO e soamente constará de exercicios de gramática, vocabulario e comprensión lectora. A proba será subida à páxina web do centro e ademais enviada ao correo electrónico dos alumnos afectados.

A nota máxima obtida nesta proba nunca poderá ser superior a **5**.

A data límite de presentación da proba a través de correo electrónico da profesora imparte a materia será o 19 de xuño de 2020.

En 2ºESO-B , de novo tomando como referencia às **Instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia**, concretamente no que atinxe à avaliación

continua nos puntos **6.9** e **7.2** (onde se menciona expresamente), e tamén **3.3**, **3.5** e **3.6** do apartado INSTRUCCIÓNES ESPECÍFICAS PARA ESO nos que se establece (punto 3.6) que en ningún caso os alumnos poderán verse perxudicados polas dificultades derivadas do cambio de metodoloxía a distancia do terceiro trimestre, e que non poderán ver minorados os resultados obtidos nas avaliacións dos trimestres anteriores, a nota final fixarase a partir da cualificación obtida na 2ª avaliación. De tal xeito que a nota obtida na avaliación ordinaria do mes de xuño poderá ser igual ou superior à obtida na 2ª avaliación, pero nunca inferior, tal como indica o punto 3.6 anteriormente mencionado.

Posto que dende o principio da declaración do estado de alarma sanitaria a dirección do centro insistiu en que as actividades propostas non ían ser avaliábeis, tal como aparece expresado na información sobre as tarefas a realizar semanalmente publicadas na web do centro, e aos alumnos deste curso non se lles esixiu o envío das tarefas propostas, xa que se trataba de repaso da materia estudada nas avaliacións previas con posibilidade de autocorrección, a cualificación final virá determinada pola presentación dun traballo de fin de curso sobre un libro de lectura obrigatoria, baseado principalmente na destreza de expresión escrita (WRITING), que será cualificado atendendo aos seguintes criterios:

1. Os traballos de fin de curso presentados con pulcritude, usando correctamente signos de puntuación e maiúsculas, conectores, e cunha exposición coherente e ordenada das ideas expresadas no mesmo, así como demostrando ter comprendido nun alto grado o desenrolo argumental e as actividades propostas relacionadas co READER, obterán 1 punto. Dito punto sumarase à cualificación obtida na 2ª avaliación.
2. Os traballos presentados que non se axusten totalmente aos parámetros mencionados no punto 1, pero que adquiriron unha cualificación entre suficiente e ben obterán 0,5 puntos, que se sumarán à nota obtida na 2ª avaliación.
3. Os traballos presentados que non se axusten en absoluto aos parámetros mencionados no punto 1 obterán unha cualificación de cero. Se o resultado de sumar cero à nota obtida na 2ª avaliación resultase nunha cualificación inferior a 5, os alumnos terán a posibilidade de realizar unha proba final global que abranguerá dende a Unidade 1 até à Unidade 4 do libro de texto escollido para o curso 2019/20. Dita proba terá carácter VOLUNTARIO e soamente constará de exercicios de gramática, vocabulario e comprensión lectora. A proba será subida à páxina web do centro e ademáis enviada ao correo electrónico dos alumnos afectados. A nota máxima obtida nesta proba nunca poderá ser superior a 5.

A data límite de presentación da proba a través de correo electrónico da profesora que imparte a materia será o 19 de xuño de 2020.

PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

En setembro realizarase unha proba extraordinaria obxectiva para aquel alumnado que tivo unha cualificación negativa en xuño. Serán examinados exclusivamente sobre os contidos de gramática, vocabulario e comprensión lectora, e abarcará as unidades da 1 até a unidade 4 do libro de texto .

ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE

O sistema para aprobar **inglés pendente** do curso anterior será o seguinte:

Ao longo do curso 2019-20 os alumnos tiveron que facer en cada avaliación un **traballo de recuperación** que lles facilitou a xefa de departamento. Tiñan que entregar ese traballo à xefa de departamento nunha data previamente acordada. E así se fixo na 1ª e na 2ª avaliacións.

Coa declaración do estado de alarma sanitaria o día 14 de abril de 2020, a entrega presencial do traballo da 3ª avaliación foi imposible para a maioría dos alumnos posto que a data límite de entrega era o 30 de abril. A partir dese momento, aos alumnos comunicóuselles , vía páxina web do centro, a necesidade de que presentasen o seu traballo de recuperación da 3ª avaliación por medio do correo da xefa de departamento.

Para aqueles alumnos que non presentaron o traballo ao longo das avaliacións, ou non obtiveron nos traballos presentados a cualificación suficiente para aprobar, propúxoselles na primeira semana de maio unha proba global que deberá ser enviada ao correo da xefa de departamento antes do 30 de maio .

À hora de cualificar a materia pendente, o valor porcentual do traballo entregado cambiará respecto ao programado no mes de setembro de 2019 tendo en conta que o examen presencial de maio non poderá levarse a cabo. Deste xeito, o traballo entregado nos tres trimestres terá un valor porcentual de 20% cada un deles (= 60% en total) sendo **6** a cualificación máxima que se pode acadar.

Asemade, a cualificación máxima que se pode obter na proba global proposta no mes de maio para poder recuperar Inglés pendente será tamén un **6**.

Se durante o curso os alumnos non superan a materia pendente, serán examinados dos contidos mínimos exisibles da materia no examen de Inglés correspondente à convocatoria de setembro do curso actual.

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE, MATERIAIS E RECURSOS

As actividades que se veñen realizando ao longo do terceiro trimestre consisten e tarefas de reforzo ,repaso e tamén recuperación , nos casos nos que sexa preciso.

Das catro destrezas (LISTENING, SPEAKING, READING e WRITING) , a expresión oral (SPEAKING) non se desenvolverá na 3ª avaliación por non ter a seguridade de contaren os alumnos cos medios axeitados para enviar material grabado en boas condicións.

Para as actividades de comprensión oral (LISTENING) estase a botar man de recursos motivadores e adecuados ao nivel e intereses dos alumnos que ofrece internet y, en particular, material "on-line" ofrecido pola propia editorial Burlington, como o catálogo de libros de lectura (READERS)que poden ser lidos e escoitados ao mesmo tempo. De xeito sinxelo, os alumnos crean a súa conta e poden poñerse a traballar co READER proposto pola profesora, resolvendo ao mesmo tempo exercicios de comprensión lectora (READING) que poden ser autocorrexidos. Asemade, véñense tamén utilizando como material de repaso e reforzo actividades de comprensión lectora presentes tanto no Student's Book como no Workbook, que todos os alumnos teñen, así como diversas actividades de redacción (WRITING) que figuran nos citados libros.

O medio polo cal se establece a comunicación entre a profesora e os alumnos ten sido variado: páxina web do centro, aula virtual, correo electrónico e tamén WhatsApp e Instagram , no caso de 2ºESO-A. A profesora de 2ºESO -B limitouse ao uso da páxina web do centro e do correo electrónico.

Dende o momento en que se pon en marcha o uso da aula virtual, a profesora de 2ºESOA propón tarefas a través da mesma semanalmente. Os alumnos poden enviar as tarefas a través da aula virtual, desde a cal a profesora as descargará para a súa corrección. Unha vez correxidas, a profesora envíallelas aos alumnos correspondentes por medio do correo electrónico dos mesmos. Os alumnos dispoñen dunha semana para entregar cada tarefa. A maiores, ao día seguinte de que remate o prazo límite de entrega de tarefas, a profesora sube as solucións das actividades propostas à aula virtual.

O medio través do cal se establece comunicación entre a profesora de 2ºESO-B e os alumnos é a páxina web do centro e o correo electrónico. Semanalmente, aos alumnos se lles informa na web do colexio das actividades propostas. Cara finais da mesma semana, publícanse na web as solucións a ditas actividades de xeito que os alumnos podan facer as correccións oportunas e tendo sempre en conta que se poden poñer en contacto coa profesora a través do correo electrónico para aclarara calquera dúbida. No caso das

actividades "on-line", a maioría delas contan con exercicios, sobre todo de comprensión lectora pero tamén de gramática e vocabulario, que facilitan a autocorrección.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Nas instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia no punto 6.13 establécese que o documento guía será publicado pola dirección do centro na páxina web do mesmo. Asemade, o profesorado informará ao alumnado da súa área ou materia.

En relación con isto último, as profesoras compoñentes do departamento de Inglés do CPI José García García acordaron informar cada unha delas aos grupos nos que imparten clase da presenza do documento guía na páxina web do centro a través da mesma páxina web e na sección LINGUA INGLESA.